

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

8016 *Orde FOM/642/2018, do 13 de xuño, pola que se modifican a Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria, e a Orde FOM/189/2015, do 11 de febreiro, pola que se desenvolven principios básicos de aplicación de incentivos no sistema dos canons por utilización das infraestruturas ferroviarias, establecidos no artigo 73 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.*

A Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, incorporou ao noso ordenamento xurídico as normas da Directiva 2012/34/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro de 2012, pola que se establece un espazo ferroviario europeo único, e que constitúen unha efectiva reordenación da lexislación ferroviaria europea.

Cómpre agora completar a transposición da citada directiva e, en consecuencia, modifícanse a Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria, e a Orde FOM/189/2015, do 11 de febreiro, pola que se desenvolven principios básicos de aplicación de incentivos no sistema dos canons por utilización das infraestruturas ferroviarias, establecidos no artigo 73 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.

A norma adecúase aos principios de boa regulación de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, asegura o cumprimento da obriga de transposición de normativa comunitaria e proporciona coherencia ao noso ordenamento xurídico en relación co da Unión Europea.

A norma non prevé cargas administrativas adicionais pois límitase a concretar a aplicación das previstas na propia directiva que é obxecto de transposición, de forma que se garante o principio de eficiencia.

En aplicación do principio de transparencia, seguiuuse durante a tramitación desta norma o disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ademais de posibilitar a participación activa dos destinatarios mediante o proceso de consultas a que se someteu a iniciativa.

En cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, esta orde someteuse ao preceptivo trámite de consulta e audiencia mediante a súa posta á disposición dos sectores afectados na sede electrónica do Ministerio de Fomento. O texto enviouse, entre outros, ao Consello Nacional de Transportes Terrestres, a entidades representativas do sector ferroviario e aos órganos competentes das comunidades autónomas.

Esta orde dítase en virtude da habilitación para o desenvolvemento normativo que establece a disposición derradeira terceira da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo primeiro. *Modificación da Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria.*

A Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo número 3 ao artigo 2 coa seguinte redacción:

«3. A declaración sobre a rede actualízase e modifícase segundo proceda. En todo caso, actualízase cando cambien as condicións de acceso á infraestrutura

ferroviaria, ás instalacións de servizo e á prestación de servizos nas ditas instalacións.»

Dous. O número 1 do artigo 3 queda redactado nos seguintes termos:

«1. En caso de que existan liñas alternativas adecuadas, o administrador de infraestruturas ferroviarias, tras consultar coas partes interesadas, poderá declarar especializada para a prestación de determinado tipo de servizos unha infraestrutura ferroviaria concreta.»

Tres. Engádesse un novo parágrafo segundo ao artigo 4.2.4).f) coa seguinte redacción:

«En particular, os ditos criterios deben recoller a dificultade de fixar sucus ferroviarios internacionais e os efectos de calquera modificación para os demais administradores de infraestruturas.»

Catro. Engádesse un novo número 5 ao artigo 4 coa seguinte redacción:

«Mediante a dita declaración de rede darase publicidade ás condicións de acceso ás instalacións de servizo relacionadas coa rede do administrador de infraestruturas e aos servizos que se presten nas ditas instalacións, ou indicarse un sitio web en que a dita información se poida obter gratuitamente en formato electrónico.»

Cinco. O número 1 do artigo 5 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Unha vez aprobada a declaración sobre a rede, os administradores de infraestruturas ferroviarias publicarana no seu portal web no idioma castelán e, ao menos, noutra lingua oficial da Unión Europea, cunha antelación, como mínimo, de doce meses respecto da data de entrada en vigor do horario de servizo.»

Seis. Suprímese o número 3 do artigo 5, que queda sen contido.

Sete. Engádesse un novo artigo 5 bis co seguinte contido:

«Artigo 5 bis. *Acceso ao contido da declaración sobre a rede.*

O contido da declaración sobre a rede poderase obter gratuitamente en formato electrónico no portal web do respectivo administrador de infraestruturas ferroviarias e terase acceso a el, de ser o caso, a través dun portal web común dos distintos administradores.

En todo caso, calquera interesado poderá adquirir do administrador de infraestruturas ferroviarias unha copia da declaración sobre a rede actualizada a un prezo que non exceda o custo da súa publicación.»

Oito. O número 6 do artigo 6 queda redactado nos seguintes termos:

«6. Enténdese por reserva de capacidade aquela que, logo de avaliación do administrador de infraestruturas ferroviarias, non é posta á disposición dos candidatos autorizados no proceso de adxudicación anterior á formulación do horario de servizo definitivo, co fin de poder responder con rapidez as solicitudes específicas de capacidade. Isto será aplicable tamén nos casos de infraestrutura conxestionada.»

Nove. Engádesse un número 7 ao artigo 6 coa seguinte redacción:

«7. Toda empresa ferroviaria que explote servizos de transporte ferroviario celebrará os acordos necesarios, de conformidade co ordenamento xurídico, cos administradores das infraestruturas ferroviarias que utilice.

As condicións polas cales se rexan eses acordos serán transparentes e non discriminatorias e recollerán o contido do disposto nos artigos 14, 15 e 16 desta orde.»

Dez. O número 1 do artigo 7 queda redactado nos seguintes termos:

«1. O administrador de infraestruturas ferroviarias atenderá, na medida do posible, todas as solicitudes de capacidade de infraestrutura que reciba. Se isto non for posible, aplicará os criterios de adxudicación contidos nesta orde, e terá o máis en conta posible todas as limitacións que afecten os candidatos, tales como os efectos económicos sobre a súa actividade empresarial.»

Once. O artigo 7.2.a) queda redactado nos seguintes termos:

«a) O horario de servizo fixarase unha vez ao ano e entrará en vigor ás doce da noite do segundo sábado de decembro. Cando se leve a cabo un cambio ou axuste despois do inverno, en particular para ter en conta, de ser o caso, os cambios de horario do tráfico rexional de pasaxeiros, este terá lugar a medianoite do segundo sábado de xuño e a tantos outros intervalos, entre esas datas, como sexan necesarios.

O administrador de infraestruturas ferroviarias poderá acordar outras datas de entrada en vigor e de vixencia para o novo horario de servizo sempre que o comunique, previamente e coa necesaria antelación, ao Ministerio de Fomento e, no caso de que aquel afecte tráfico internacional, á Comisión Europea.

O horario de servizo recolle o conxunto de todos os datos que determinan os movementos planificados de trens e material rodante que terán lugar sobre unha determinada infraestrutura, no período a que o dito horario de servizo se refire.»

Doce. Engádese un segundo parágrafo ao artigo 7.2.b) coa seguinte redacción:

«Os administradores de infraestruturas ferroviarias velarán para que na medida do posible se respecten estas franxas horarias nos procedementos posteriores.»

Trece. Engádese un terceiro parágrafo ao artigo 7.2.b) coa seguinte redacción:

«Soamente se farán axustes no caso de seren absolutamente necesarios.»

Catorce. A letra d) do artigo 7.2 queda redactada nos seguintes termos:

«d) Unha vez cumpridos os prazos referidos no número anterior, o administrador de infraestruturas ferroviarias elaborará o proxecto de horario de servizo e comunicarlle aos solicitantes, como mínimo, catro meses antes da entrada en vigor do dito horario. Durante este período, intentarase a coordinación das solicitudes presentadas, de acordo co establecido no artigo seguinte.»

Quince. A letra e) do artigo 7.2 queda redactada nos seguintes termos:

«e) Os solicitantes de capacidade disporán dun prazo mínimo dun mes, contado desde a comunicación do proxecto de horario de servizo, para presentar as alegacións que consideren oportunas. Ademais, poderán facer observacións todos os que consideren que tal horario, durante o seu período de vixencia, pode afectar a súa capacidade de fornecemento de servizos ferroviarios, así como outros administradores de infraestrutura que se poidan ver afectados por este.

O administrador de infraestruturas ferroviarias tomará as medidas oportunas para ter en conta as preocupacións que se manifestaron.»

Dezaseis. Engádese un segundo parágrafo ao artigo 7.5 coa seguinte redacción:

«En particular, o administrador de infraestruturas ferroviarias respectará a confidencialidade da información comercial que lle faciliten os candidatos, para efectos da fixación, aplicación e cobramento de canons, taxas, tarifas e prezos.»

Dezasete. O artigo 8 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 8. *Coordinación de solicitudes.*

1. Se durante o período previsto para a elaboración do proxecto de horario de servizo o administrador de infraestruturas ferroviarias comproba que existen solicitudes incompatibles entre si, procurará lograr, mediante a súa coordinación, a mellor adecuación posible entre elas.

2. Na coordinación de solicitudes, o administrador de infraestruturas ferroviarias pode propor aos candidatos, dentro de límites razoables, adxudicacións de capacidade de infraestruturas que difiran do solicitado. Os candidatos poderán aceptar ou rexeitar a proposta no prazo máximo de dez días hábiles desde que se lles notifique.

3. O administrador de infraestruturas ferroviarias procurará resolver os conflitos que xurdan consultando os candidatos interesados. Para realizar esa consulta facilitarase a seguinte información, de forma gratuíta e por escrito ou por vía electrónica:

a) A adxudicación de capacidade solicitada por outros candidatos nos mesmos traxectos.

b) A adxudicación de capacidade outorgada previamente a todos os demais candidatos nos mesmos traxectos.

c) A adxudicación de capacidade alternativa proposta nos traxectos de que se trate de conformidade co número 2.

d) A información detallada sobre os criterios aplicados no procedemento de adxudicación de capacidade.

Esta información facilitarase sen revelar a identidade dos demais candidatos, a menos que os ditos candidatos estean de acordo en que se divulgue.»

Dezaioito. Engádesse un número 5 ao artigo 10 coa seguinte redacción:

«5. As solicitudes de adxudicación de capacidade para realizar traballos de mantemento presentaranse durante o procedemento de adxudicación. O administrador de infraestruturas ferroviarias tomará debidamente en consideración a repercusión da reserva de capacidade de infraestrutura con fins de traballos de mantemento sobre a actividade dos candidatos e informará tan pronto como sexa posible as partes interesadas da falta de dispoñibilidade da capacidade de infraestrutura debido a traballos de mantemento non programados.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderalle exixir ao administrador de infraestruturas ferroviarias que poña esa información á súa disposición, se o considera necesario.»

Dezanove. O artigo 11 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 11. *Criterios de adxudicación.*

O administrador de infraestruturas ferroviarias adxudicará a capacidade de infraestruturas solicitada da seguinte forma:

a) Se hai capacidade dispoñible para todos os candidatos, adxudicáraselles.

b) Se existe coincidencia de solicitudes para unha mesma franxa horaria, adxudicárase a capacidade mediante o procedemento de coordinación previsto no artigo 8 desta orde.

c) Se a rede foi declarada como conxestionada, tomaranse en conta para a súa asignación, por orde descendente, as seguintes prioridades de adxudicación:

1. A existencia de infraestruturas especializadas e a posibilidade de atender esas solicitudes en tales infraestruturas.

2. Os servizos declarados de interese público.
3. Os servizos internacionais.
4. A eventual existencia de acordos marco que prevexan a adxudicación desa solicitude de capacidade.
5. A solicitude, por parte dun candidato, dunha mesma franxa horaria durante varios días da semana ou en sucesivas semanas do período horario.
6. A eficiencia do sistema.

Na aplicación dos criterios de prioridade, recibirán a debida consideración os servizos sometidos a obrigacións de servizo público, así como os de transporte de mercadorías e, en especial, os de carácter internacional.»

Vinte. O segundo parágrafo do número 3 do artigo 12 queda redactado nos seguintes termos:

«Os administradores de infraestruturas ferroviarias cuxas decisións sobre a adxudicación de capacidade afecten outros administradores de infraestruturas asociaranse para xestionar a capacidade das franxas internacionais co fin de adxudicar capacidade ou coordinar a adxudicación de toda a capacidade de infraestruturas internacionais pertinentes.»

Só os administradores de infraestruturas ferroviarias poderán tomar decisións nas reunións ou noutras actividades relativas á adxudicación de capacidade de infraestruturas a servizos ferroviarios que utilicen máis dunha rede.»

Vinte e un. Engádese un número 4 ao artigo 12 coa seguinte redacción:

«4. Os administradores de infraestruturas ferroviarias, para efectos da cooperación prevista neste artigo, publicarán nas súas declaracións de rede, de conformidade co punto 3 do anexo III da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, os principios e criterios para a asignación de capacidade para servizos que crucen máis dunha rede, detallando as características xerais da capacidade posta á disposición, restricións de uso, necesidades de capacidade para o mantemento e especificando procedementos, criterios e prazos da adxudicación de capacidade.»

Vinte e dous. Engádese un número 5 ao artigo 12 coa seguinte redacción:

«5. Os administradores de infraestruturas ferroviarias comunicarán á Comisión Europea os acordos alcanzados nas principais reunións sobre principios e prácticas comúns para a adxudicación de infraestruturas e velarán para que se invite a esas reunións a Comisión Europea como observadora.»

Ademais, os administradores de infraestruturas ferroviarias comunicarán á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a información a que se refire o parágrafo anterior, así como sobre os sistemas de adxudicación baseados en tecnoloxías da información, co obxecto de que poida exercer as súas funcións de supervisión.»

Vinte e tres. Engádese un número 6 ao artigo 12 coa seguinte redacción:

«6. Os administradores de infraestruturas ferroviarias velarán para que se fagan públicos todos os medios, os criterios e o persoal que participase na cooperación prevista neste artigo e para que as decisións sexan adoptadas exclusivamente por estes.»

Vinte e catro. Engádese un número 7 ao artigo 12 coa seguinte redacción:

«Considerarase informado un administrador de infraestruturas ferroviarias da intención dun candidato de solicitar capacidade de infraestruturas co fin de explotar un servizo internacional de viaxeiros, ben cando reciba unha notificación

directamente do candidato, ben cando a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, en cumprimento do procedemento establecido no Regulamento de execución (UE) 869/2014 da Comisión, do 11 de agosto de 2014, sobre novos servizos de transporte ferroviario de viaxeiros, e conforme a metodoloxía e o procedemento aprobados polo citado organismo regulador, lle dea traslado da notificación remitida polo candidato.»

Vinte e cinco. O artigo 17.1 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Cando, tras coordinar as franxas horarias solicitadas e consultar cos candidatos afectados, non sexa posible atender, na debida forma, as solicitudes de capacidade de infraestrutura ferroviaria, o administrador de infraestruturas ferroviarias declarará a parte da infraestrutura afectada como conxestionada. Idéntica cualificación recibirá a infraestrutura para a cal se preveza unha insuficiencia de capacidade nun futuro próximo.»

Vinte e seis. Engádesse un número 5 ao artigo 17 coa seguinte redacción:

«5. Declarada unha infraestrutura conxestionada, o administrador de infraestruturas ferroviarias deberá exixir a cesión das franxas horarias que nun período de polo menos un mes fosen utilizadas menos que a cota asignada que se estableza na declaración sobre a rede, salvo que iso se deba a causas non económicas alleas ao control dos candidatos.»

Artigo segundo. *Modificación da Orde FOM/189/2015, do 11 de febreiro, pola que se desenvolven principios básicos de aplicación de incentivos no sistema dos canons por utilización das infraestruturas ferroviarias, establecidos no artigo 73 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario.*

Engádesse unha disposición adicional única á Orde FOM/189/2015, do 11 de febreiro, pola que se desenvolven principios básicos de aplicación de incentivos no sistema dos canons por utilización das infraestruturas ferroviarias, establecidos no artigo 73 da Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Cooperación en sistema de canons eficientes.*

De acordo co establecido no artigo 23.1.k) de Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario, os administradores de infraestruturas cooperarán para aplicar canons eficientes e, en particular, para aplicar de maneira eficiente tanto as adicións aos canons como o sistema de incentivos, no caso de que o tráfico cruce máis dunha rede do sistema ferroviario. En particular, os administradores de infraestrutura establecerán procedementos adecuados, conforme a normativa ferroviaria, co obxecto de tratar de garantir unha competitividade óptima dos servizos ferroviarios internacionais e asegurar o uso eficiente das redes ferroviarias.»

Disposición adicional única. *Mencións.*

Todas as referencias á Lei 39/2003, do 17 de novembro, do sector ferroviario, contidas na Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria, e a Orde FOM/189/2015, do 11 de febreiro, pola que se desenvolven principios básicos de aplicación de incentivos no sistema dos canons por utilización das infraestruturas ferroviarias, deberán entenderse feitas aos preceptos que corresponda da Lei 38/2015, do 29 de setembro, do sector ferroviario.

Todas as referencias ao «Administrador de Infraestruturas Ferroviarias» contidas na Orde FOM/897/2005, do 7 de abril, relativa á declaración sobre a rede e ao procedemento de adxudicación de capacidade de infraestrutura ferroviaria, deberán entenderse feitas aos «administradores de infraestruturas ferroviarias».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de ferrocarrís e transportes terrestres que transcorran polo territorio de máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2012/34/UE do Parlamento e do Consello, do 21 de novembro de 2012, pola que se establece un espazo ferroviario europeo único.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de xuño de 2018.– O ministro de Fomento, José Luis Ábalos Meco.